



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE OURENSE E A ASOCIACIÓN POR ELES T.E.A. OURENSE- PeTEA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCLUSIÓN EN CONTEXTOS EDUCATIVOS PARA ALUMNADO T.E.A.

En Ourense, a 26 de Decembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **Don Gonzalo Pérez Jácome**, con DNI 34960446-D, Alcalde-Presidente do Concello de Ourense, na representación que ostenta en virtude do seu cargo.

Doutra parte, **Dona Eva Guzmán Freijedo**, con DNI 44448834-T, en calidade de representante legal, da entidade Por Eles T.E.A. Ourense- PeTEA, con CIF G32490278 e dirección establecida en Ourense na rúa Ramón y Cajal, nº6, baixo, CP 32011, representación que acredita mediante a oportuna acreditación.

A **Oficial Maior** do Concello de Ourense, **Dona Silvia Alonso Fernández**, quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a sinatura do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición Adicional Oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, se limita a comprobar a identidade dos interviñentes a través da documentación que forma parte do expediente, así como a verificar a validez das sinaturas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos firmantes non foron revocados e que non houbo modificacións no documento. En particular, aos efectos de verificar a identidade e validez da sinatura efectuada polo representante da entidade Por Eles T.E.A. Ourense- PeTEA, incorpórase ao expediente administrativo electrónico municipal con número 2023041080 o comprobante de validación emitido pola plataforma Valide obtido no enlace <https://valide.redsara.es/valide/validarFirma/executar.html>, polo cal se verifica tanto a validez do certificado como da sinatura electrónica realizada.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Convenio de Colaboración** e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a finalidade do presente convenio é canalizar a favor da entidade beneficiaria “Asociación Por Eles T.E.A. Ourense- PeTEA”, a subvención que figura no vixente orzamento municipal do ano 2023, segundo o crédito consignado na partida 140.2318.48930 co seguinte literal: «Convenio Por Eles», sendo o importe da dotación de 6.400,00 euros; así como establecer as condicións e compromisos que asume a entidade beneficiaria.

SEGUNDO.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón no seu artigo 19.4.a) que



poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 26.1 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións. O que resulta de aplicación a entidades locais segundo o disposto no artigo 1 do citado texto legal. Igualmente, neste sentido se expresa o artigo 22.2.a) de carácter básico da Lei 38/2003, del 17 de novembro, xeral de subvencións.

TERCEIRO.- Que na Xunta de Goberno Local extraordinaria do día 21 de Decembro de 2023, aprobouse o desenvolvemento do fin do presente convenio e se faculta ao Alcalde-Presidente para súa sinatura.

CUARTO.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito social, a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as dúas partes, na representación que ostentan, capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e compromisos aplicables conforme ao establecido na normativa vixente, particularmente no artigo 65 del R.D 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e que desenvolve o artigo básico 22.2.a) da Lei.

O obxecto desta subvención é financiar gastos do Programa de inclusión en contextos educativos para alumnado T.E.A. da entidade beneficiaria no ano 2023, polo que non se poderán aplicar os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade que segundo o establecido no proxecto presentado consiste en promover o ben común das persoas TEA en todas as etapas e ámbitos de desenvolvemento da súa vida, concretamente no ámbito educativo e social, a través de actividades de carácter educativo e terapéutico que permitan potenciar a súa integración e inclusión social nos contextos escolares con grupos de iguais, conforme o certificado de retención de crédito do 17.11.2023 con número de operación 202300053643.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

O obxectivo é promocionar a inclusión de alumnado con TEA nos ámbitos e contextos educativos. O fundamento do programa é favorecer e facilitar a promoción das persoas con Necesidades Educativas Especiais, en particular TEA, no ámbito educativo e dar apoio aos profesionais dos centros que así o precisen ou demanden.

As persoas destinatarias directas son 25 usuarios que presenten diagnóstico TEA ou rasgos TEA, que se atopen cursando formación do sistema educativo regrado.

Os destinatarios indirectos son as súas familias, o profesorado e grupo de iguais de cada de persoa.

Dentro do programa desenvólense tres actividades principais:

- Apoio educativo con técnicas e métodos específicos de estudo que se realiza en sesións individuais.
- Adestramento nas habilidades persoais e sociais para atopar alternativas para non caer en actitudes anti- sociais que se realiza en sesións grupais.



- Sensibilizacións materializadas a través de charlas informativas nos centros educativos coa finalidade de orientar e formar en conceptos básicos para a interacción e actuación correcta con persoas con TEA tendo en conta as súas características e necesidades.

TERCEIRA.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

GASTOS PREVISTOS	
Persoal	
Retribucións	8.007,89€
Costes de Seguridade Social	3.340,74€
Servizos Profesionais	13.564,00€
Outros	0,00 €
Gastos Xerais	
Suministracións Varias	0,00 €
Outros Especificar	0,00 €
Material de Oficina	0,00 €
Gastos Totais	24.912,63 €

INGRESOS PREVISTOS
De Organismos Públicos



Xunta de Galicia	0,00 €
Deputación de Ourense	3.624,00 €
Concello de Ourense	6.400,00 €
Outros	0,00 €
Fondos Propios	
Achega da Asociación	6.000,00 €
Cobramento de Servizos	8.888,63 €
Ingresos Totais	24.912,63 €

CUARTA.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA OUTRA FINALIDADE

1.- A contía da subvención non poderá exceder do 75% do coste total da actividade desenvolvida e debidamente xustificada, cunha achega máxima, en todo caso, de 6.400,00 euros, producíndose a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación dentro do prazo de dous meses desde o final da vixencia do convenio.

2.- O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 140.2318.48930.

3.- A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente executado.

4.- Para o caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente executado, se minorará a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

5.- No caso de que non se xustifique o total orzamentado se procederá a reducir proporcionalmente a subvención outorgada.

QUINTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- A execución total da actividade será realizada por “Asociación Por Eles T.E.A. Ourense- PeTEA”.



2.- O outorgamento dos contratos de servizos ou suministros necesarios para a execución da actividade pola entidade beneficiaria serán por conta dela. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEXTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL

1.- A entidade estará obrigada a dar adecuada publicidade de que o programa ou proxecto obxecto da subvención nominativa é financiado polo Concello de Ourense de acordo co manual de estilo publicado na web <https://ourense.gal/es/identidadcorporativa/>

2.- Establecerase de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico e sonoro que publiquen con motivo da actividade subvencionada, o patrocinio de Ourense e, no caso de material gráfico, o anagrama do Concello de Ourense.

3.- Coa conta xustificativa presentaranse os documentos que permitan dar cumprimento á dita obriga; deste xeito, se entregará copia do material de difusión no que apareza o Concello de Ourense; achegarase un exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, vídeos, soportes dixitais editados, de ser o caso, co motivo da actividade subvencionada.

4.- En calquera caso é imprescindible:

- a entrega de reportaxe fotográfico publicitario do programa, no que se poida comprobar, non só o contido da cartelería, senón a posta disposición da mesma no lugar de desenvolvemento da actividade.
- Se as entidades teñen un portal web ou figuren adheridas a unha rede social, acreditarase nelas o patrocinio municipal e describirase o programa xunto co anagrama municipal.

Cando o programa, actividade, inversión ou actuación disfrutara doutras fontes de financiamento e a entidade viñera obrigada a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento."

SÉTIMA.- OBRIGACIÓNS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade beneficiaria está suxeita ao cumprimento das obrigacións establecidas no el artigo 14 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 4 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

OITAVA.- A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A xustificación da subvención realizarase coa modalidade de "conta xustificativa do gasto realizado", que será presentada pola entidade beneficiaria, coa seguinte documentación:

- Instancia subscrita polo Presidente da entidade dirixida ao Alcalde-Presidente na que se solicite o pago da subvención concedida.



- Memoria de avaliación asinada consistente en declaración detallada da actividade con cargo á subvención do Concello de Ourense e o seu custe, no que se xustifique o cumprimento das condicións impostas neste convenio.

- Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade descrita, con expresión da data, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago, e importe aplicado ao proxecto entendido este como o custe total da actividade obxecto do convenio. A relación estará asinada polo secretario da entidade e co visto e prace do presidente.

- Presentación de facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil acreditativos do gasto realizado, ordenados correlativamente segundo o número de orde firmado na relación numerada á que se refire o parágrafo anterior.

Os documentos xustificativos se presentarán de acordo co disposto no artigo 28 da lei 39/2015; con todo, mediante informe motivado do servizo xestor se poderá solicitar o cotexo dos documentos entregados para o que se poderá requirir os documentos orixinais.

Segundo o citado artigo, os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os elementos sinalados pola normativa aplicable en cada caso. Como mínimo expresarán o nome ou razón social da empresa que facture e o seu NIF, data de emisión, importe, detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo de IVE aplicable e importe total. Para o caso de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá acreditarse o ingreso da retención. En ningún caso se admitirán billetes de caixa ou simples recibos, salvo que estes veñan acompañados doutra documentación acreditativa do gasto e do pago.

Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes aos gastos de persoal, deberán entregarse copias dos contratos de traballo, nóminas correspondentes firmadas polo seu perceptor e pagadas u obrigación de pago bancaria, así como os xustificantes correspondentes as cotizacións á Seguridade Social. Deberá xustificarse a retención e ingreso na Axencia Estatal da Administración Tributaria, das cantidades correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, así como a acreditación de que foi realizada a pertinente retención fiscal e liquidado seu importe na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Documentos acreditativos dos pagos aos acredores, mediante documento bancario ou recibín do proveedor no propio documento de gasto. En todo caso, para os pagos de contía igual ou superior a 1.000 por acredor, deberá acreditarse mediante documento bancario.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvencións concedidas e outras achegas) con acreditación de súa contía, procedencia e aplicación.

- Acreditación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula décima.

NOVENA.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN



A entidade beneficiaria queda obrigada a presentar a conta xustificativa da cláusula oitava deste Convenio no prazo máximo de dous meses desde o fin da vivencia do convenio. Para o cómputo do prazo se estará ao disposto no artigo 30.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O abono da subvención se materializará mediante ingreso na conta designada pola beneficiaria.

Solo se procederá ao libramento da subvención concedida previa a xustificación polo beneficiario do gasto realizado nos termos e coas formalidades sinalados na cláusula oitava deste Convenio e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente do cumprimento de súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

DÉCIMA.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1.- A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, co Concello de Ourense e coa Seguridade Social. A acreditación do cumprimento destas obrigacións farase mediante certificación expedida pola administración competente.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias co Concello de Ourense se determinará de oficio por este.

DÉCIMO PRIMERA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1.- A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pago dos gastos subvencionables da actividade descrita na cláusula I do presente Convenio conforme os xustificantes de gasto presentados.

2.- Se consideran gastos subvencionables aqueles que sendo correctamente xustificados de conformidade coa cláusula oitava, son necesarios e responden de forma indubitativa á natureza do obxecto da subvención definido na cláusula I do Convenio, correspondan ao período de vixencia do convenio, isto é, do 1 de xaneiro de 2023 a 31 de decembro de 2023, e e estean pagados no prazo de xustificación, en concreto para a consideración dos gastos subvencionables estarase ao disposto no artigo 12 da Ordenanza xeral municipal de subvencións.

3.- En ningún caso serán subvencionables os gastos recollidos no apartado 3 do artigo 12 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

Para os efectos do artigo 21 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense o Servizo de benestar social será o servizo competente para a comprobación da aplicación da subvención.

DÉCIMO TERCERA.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE OURENSE E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO



1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e os artigos 41 e seguintes da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser elixida pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

DÉCIMO CUARTA.- REINTEGRO E PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN

1.- Procederá o reintegro da subvención por concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e artigo 23 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

2.- Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% de seu custe, se reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

3.- O incumprimento das obrigacións por parte da entidade beneficiaria poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

DÉCIMO QUINTA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais.

2.- Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Ourense remitirá a mesma información á Concellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense na páxina web do Concello.

DÉCIMO SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste Convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio (a Asociación Por eles T.E.A. Ourense- PeTEA) e o Concello de Ourense.

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

- 1.- As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun pre aviso de quince días naturais.
- 2.- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

DÉCIMO OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE, XURISDICCIÓN COMPETENTE E INTERPRETACIÓN

- 1.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.
- 2.- As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia do Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.
- 3.- A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran aparecer na aplicación do presente convenio lle corresponderá á Xunta de Goberno do Concello de Ourense previos os informes preceptivos.

DÉCIMO NOVENA.- CONSENTIMENTO DAS PARTES EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

- 1.- As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados na Base de Datos Nacional de Subvencións.
- 2.- Así mesmo as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

VIXÉSIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO E PRÓRROGA

O presente convenio de colaboración entenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2023.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado, exemplar no lugar e data arriba indicados.

O Alcalde-Presidente

Gonzalo Pérez Jácome

Representante Legal de Por Eles T.E.A.

Eva Guzmán Freijedo

A Oficial Maior

Silvia Alonso Fernández